



SOCIEDADE GALEGA DE ORNITOLOGÍA

A ría do Burgo é un humidal de grande importancia para as aves acuáticas

A Sociedade Galega de Ornitología (SGO) demanda ás autoridades ambientais estatais, autonómicas e locais, e aos colectivos que integran a “Plataforma pola Defensa da Ría do Burgo”, que a conservación e fomento da súa natureza, e en concreto das súas aves, teña tanta importancia nas súas planificacións e reclamacións de xestión deste estuario como a recuperación dos bancos de marisco e áreas de lecer.

As diferentes demandas e proxectos que se están a plantexar actualmente con respecto a este humidal esquecen o seu valor como refuxio de aves.

Calquera xestión futura deste espazo, como a que actualmente demanda a “Plataforma pola Defensa da ría do Burgo”, debe necesariamente incluír unha planificación destinada especificamente á conservación deste valor natural. Non se pode defender unha xestión sostible da ría do Burgo esquecendo ás aves silvestres que teñen alí o seu fogar.

Por este motivo a Sociedade Galega de Ornitología (SGO) solicita que a Plataforma pola Defensa da ría do Burgo inclúa no seu Manifesto as demandas que se relacionan máis abaixo, demandas que ao mesmo tempo dirixe ás diferentes autoridades estatais, autonómicas e locais implicadas na xestión do humidal.

Previamente, expón de forma breve os principais valores da ría desde o punto de vista ornitológico:

Importancia da ría do Burgo para as aves acuáticas

O conxunto formado polo estuario do río Mero e o entorno da barra areosa de Santa Cristina, a pesar das fortes alteracións sufridas por diferentes factores ao longo da segunda metade do século XX, acada na actualidade importancia rexional polas súas poboacións de aves.

Os principais factores que contribúen a conferir esta importancia á ría do Burgo son:

A) É utilizada cada ano por milleiros de aves acuáticas de 74 especies diferentes

Nos censos de aves acuáticas invernantes que desenvolve a Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia cada mes de xaneiro cóntanse na ría do Burgo unha media de 3.150 aves de 34 especies diferentes. A esta cifra súmanse varios milleiros máis (dependendo do ano) que o resto dos meses utilizan este espazo para deterse e alimentarse durante as súas migracións e desplazamentos.

Así, esta ría é fogar regular nun momento ou outro do ciclo anual de 45 especies diferentes de aves acuáticas. A elas súmanse outras 29 especies menos comúns, que contribúen á diversidade do espazo. En termos de cifras, e pola importancia que otorga a súa presenza á ría destacan, segundo diferentes criterios, as seguintes especies:

- Mergullón pequeno – Castelán *zampullín chico*
- Garzota – Castelán *garceta común*
- Garza real – Castelán *garza real*
- Cullereiro – Castelán *espátula común*
- Gabita – Castelán *ostrero euroasiático*
- Píldora cincenta – Castelán *chorlito gris*
- Pilro común – Castelán *correlimos común*
- Mazarico chiador – Castelán *zarapito trinador*
- Mazarico rubio – Castelán *aguja colipinta*
- Bilurico claro – Castelán *archibebe claro*
- Virapedras – Castelán *vuelvepedras*
- Gaivota chorona – Castelán *gaviota reidora*
- Gaivota escura – Castelán *gaviota sombría*
- Gaivota cana – Castelán *gaviota cana*
- Gaivota de Delaware – Castelán *gaviota de Delaware*
- Carrán cristado – Castelán *charrán patinegro*

B) É un dos sete principais refuxios para as aves acuáticas da costa de A Coruña e ocupa unha posición prominente por este concepto a nivel autonómico e estatal

Segundo o recente informe realizado pola Sociedad Española de Ornitología (SEO/BirdLife) para o Ministerio de medio Ambiente¹, a ría do Burgo constitúe a cuarta localidade entre as 23 máis importantes de Galicia polo seu número de aves acuáticas invernantes, ocupando por outra banda o decimoquinto lugar na lista de humidais máis importantes de España por este concepto, composto por un total evaluado de 2.658 humidais.

A nivel provincial, A Coruña conta só con 14 humidais capaces de acoller unha cifra elevada de exemplares e especies de aves acuáticas. Un destes humidais é a ría do Burgo. Os outros son (de norte a sur): a ría de Ortigueira (Lugar de Importancia Comunitaria –LIC- e Zona de especial Protección para as Aves -ZEPA), a lagoa de Valdoviño (LIC e ZEPA), a ría de Ferrol, a ría de Betanzos (LIC), as marismas de Baldaio (LIC e ZEPA), a enseada da Insua (fondo da ría de Corme e Laxe; LIC e ZEPA), a ría de Camariñas, as marismas de Carnota e Caldebarcos (LIC), a lagoa de Louro (LIC), o esteiro do Tambre (LIC), o Parque

¹ Martí, R. y Del Moral, J. C. (Eds.) 2003. *La invernada de aves acuáticas en España*. Dirección General de Conservación de la Naturaleza-SEO/Birdlife. Ministerio de Medio Ambiente, Madrid.

Natural do complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán (LIC e ZEPA) e varios tramos do norte da ría de Arousa.

Na actualidade, a ría do Burgo, pola súa diversidade e abundancia de aves acuáticas, figura entre os 4 primeiros deses 14 espazos.

C) Algunhas das especies presentes sufren un alto grado de ameaza

Entre as especies que se presentan regularmente na ría do Burgo cóntanse varias cun grado de ameaza elevado a nivel estatal, segundo o Libro Vermello das Aves de España (Ministerio de Medio Ambiente, 2002)²:

- Mobella grande – Castelán *colimbo grande* – catalogada como “Vulnerable”.
- Mergullón de pescozo negro – Castelán *zampullín cuellinegro* – catalogada como “Case Ameazada”.
- Corvo mariño pequeno – Castelán *cormorán moñudo* – catalogada como “En Perigo”.
- Cullereiro – Castelán *espátula común* – catalogada como “Vulnerable”.
- Gabita – Castelán *ostrero euroasiático* – catalogada como “Case Ameazada”.
- Mazarico rabinegro – Castelán *aguja colinegra* – catalogada como “Case Ameazada”.
- Bilurico patirrubio – Castelán *archibebe común* – catalogada como “Case Ameazada”.
- Carrán cristado – Castelán *charrán patinegro* – catalogada como “Case Ameazada”.
- Carrán pequeno – Castelán *charrancito* – catalogada como “Case Ameazada”.

D) Na propia ría existen diversos factores que alteran a calidade do hábitat para as aves

Entre eles o principal, que xa se cita no Manifesto da “Plataforma pola Defensa da ría do Burgo”, son os vertidos de augas residuais non depuradas.

Pero tamén hai outras dúas, que afectan tanto ás aves como á natureza da ría en xeral:

- Acumulación nas súas beiras de residuos sólidos urbanos chegados con cada preamar, entre eles algúns de grande volume. Estes residuos retíranse cada moito tempo, e súa retirada non ten en conta o coidado para evitar danar os hábitats das aves, como a xunqueira na beira de Culleredo, co cal o dano é dobre.
- Molestias causadas por actividades de lecer. As aves da ría ven con frecuencia alterados o seu descanso e alimentación a causa da excesiva proximidade, dentro do estuario, de embarcacións de lecer (motoras, piraguas, ski náutico...), e de pescadores de cana que penetran na ciotada xunqueira, a única que queda no tramo central da ría, e que é precisamente a principal área de descanso. Unha zonificación da ría para estes fins, e unhas normas mínimas de uso do espazo (establecer unhas distancias e velocidades máximas de navegación) farían facilmente posible a convivencia das aves e estas actividades.

E) As aves son un dos máis importantes valores da ría como espazo de lecer

² Madroño, A., González, C. y Atienza, J. C. (Eds.) 2004. *Libro Rojo de las Aves de España*. Dirección General para la Biodiversidad – SEO/BirdLife, Madrid.

A pesar do expresado no apartado anterior, e dos moitos factores que alteraron no pasado a súa fisonomía, é á vez grazas a súa abundancia e diversidade de aves, e á presenza no seu contorno dunha poboación de centos de milleiros de persoas, esta ría é un espazo que presenta un enorme potencial para a observación das aves por parte da cidadanía de todas as idades, incluídas as persoas de mobilidade reducida. As aves, afeitas á presenza humana no paseo marítimo, permiten aquí unha aproximación case única en Galicia. A observación de fauna salvaxe é un tipo de lecer á vez sostible, san e educativo. Este potencial da ría do Burgo non só non se debe desaproveitar, senón que sería de grande interese social fomentar.

DEMANDAS DA SOCIEDADE GALEGA DE ORNITOLOXÍA (SGO) ÁS DIFERENTES AUTORIDADES ESTATAIS, AUTONÓMICAS E LOCAIS IMPLICADAS NA XESTIÓN DA RÍA DO BURGO

Á vista dos anteriores argumentos, a Sociedade Galega de Ornitología (SGO) demanda:

- A declaración da ría do Burgo, por parte dos Concellos colindantes (A Coruña, Culleredo, Oleiros e Cambre), en colaboración coa Consellería de Medio Ambiente e o Ministerio de Medio Ambiente, Rural e Mariño (Demarcación de Costas de Galicia), de “Espacio natural de Interés Local (ENIL), ao abeiro da Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza de Galicia.
- A inclusión dun capítulo específico de conservación e fomento das aves da ría, e en xeral do seu patrimonio natural, no marco de calquera plano de xestión da mesma, e coa mesma importancia que os capítulos destinados á produción marisqueira e o lecer cidadán.
- Unha zonificación da ría do Burgo que delimite áreas de reserva para as aves, áreas de produción marisqueira e áreas de lecer, e un sistema de vixilancia e seguimento que vele polo respecto destas delimitacións.
- A posta en marcha dun programa de educación e formación cidadán que faga chegar á sociedade do contorno da ría a súa importancia como refuxio de aves acuáticas.

Estas demandas foron así mesmo enviadas á Plataforma pola Defensa da ría do Burgo coa petición de que sexan incluídas entre as que actualmente está a defender no seu manifesto e próximamente cunha manifestación.

Sociedade Galega de Ornitología

Santiago de Compostela, xuño de 2008

Este documento foi remitido as seguintes Institucións e Medios:

Concellos de Culleredo, Cambre, Oleiros y A Coruña
Consellería de Medio Ambiente
Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos
Demarcación de Costas de Galicia
Plataforma pola defensa da ría do Burgo
Confraría de pescadores de A Coruña
ADEGA

La Voz de Galicia

El Ideal Gallego

La Opinión de A Coruña

Agencia EFE

Axencia Galega de Noticias

Europa Press

El Correo Gallego

El País (ed Galicia)

ABC

METRO

20 Minutos

CRTVG

RNE

Cadena SER

Onda CERO

Radio Voz

TVE

Localia Coruña